A LINGUA GALEGA E AS LEIS: NOTAS PARA A REFLEXIÓN

INMACULADA LÓPEZ SILVA
Universidade de Santiago de Compostela

La aprobación del Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 abrió una etapa de profundos cambios para la estructura económica, social y cultural de Galicia. Desde un punto de vista simbólico, el Estatuto supuso la recuperación de buena parte del trabajo de los políticos galleguistas y nacionalistas que, en 1936 vieron su proyecto (esencialmente lingüístico) abortado por el repentino estallido de la Guerra Civil (1936-1939). El fin de la dictadura de Francisco Franco (1936-1975) da paso a una nueva consciencia restauradora por la cual era imprescindible la instauración de un Estado democrático moderno. La redacción de una Constitución para redefinir España reconocía la existencia de las llamadas «Nacionalidades Históricas»: Galicia, Cataluña y País Vasco, las tres autonomías que habían visto aprobado su Estatuto de Autonomía antes del golpe militar de Francisco Franco en 1936. De acuerdo con este hecho histórico, la Constitución reconoce la cooficialidad del español y las lenguas propias de cada una de estas comunidades en sus respectivos territorios. El Estatuto de Autonomía recoge los derechos lingüísticos de los ciudadanos gallegos y sienta las bases para una Ley de Normalización Lingüística que, finalmente, se aprueba en 1983. De todos modos, estos tres compendios legales remiten a la primacía de la lengua española en todo el Estado (indicada en la Constitución), pues la *obligación* del conocimiento de la lengua es únicamente reconocida para el español, mientras que para el gallego sólo se contempla el *derecho* de usarla.

El análisis de la Ley de Normalización Lingüística, así como una reflexión sobre su aplicación (a menudo controvertida), puede describir las condiciones atravesadas por la lengua gallega durante los últimos veinte años, al tiempo que permite vislumbrar perspectivas de futuro y líneas de acción, especialmente en lo referente a la enseñanza y las políticas culturales, donde quizá no sólo la redacción de una nueva Ley, sino el perfecto cumplimiento de la existente, podrían insistir en la legitimación y prestigio del gallego, así como en la modificación del declive de su empleo.

Marcos legais a prol da normalización lingüística

A noción de lingua non é universal, senón culturalmente dependente; esta dependencia ten que ver cunha percepción intersubxectiva que a recoñece coma propia e diferenciada dos hábitos lingüísticos doutras comunidades. É por isto polo que consideramos que o establecemento dun marco lexislativo para unha *lingua cuberta* (Kloss 1967) ou non normalizada é esencial para o seu propio establecemento e definición coma tal. Non esquezamos que as linguas funcionan coma referente identitario de carácter privilexiado nas sociedades europeas modernas e, desde este punto de vista, os marcos legais que outorgan cohesión e organización ás diferentes comunidades (esencialmente estatais) son fundamentais na lexitimación comunitaria e étnica daqueles aspectos considerados *bens comúns* ou *capital cultural*, en terminoloxía de Pierre Bourdieu. A lingua, evidentemente, forma parte dese acervo (xa o sinalou Saussure) e establécese non só coma vehículo de comunicación, senón tamén coma símbolo de cohesión étnica.

Se Fishmann dicía que é o consenso social (máis ca os trazos lingüísticos inherentes) quen é capaz de establecer fronteiras lingüísticas (Fishmann 1967: 33), logo parece evidente que a lei, coma factor de cohesión socializadora e síntoma democrático

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

dun acordo ou pacto a nivel social, ten capacidade para fixar e lexitimar os acordos da maioría. Nese sentido é que interesa o estudio dun marco lexislativo concreto (o galego) en estudios de sociolingüística aplicada.

Pensemos que, en efecto, as linguas teñen moito de constructo ad hoc elaborado polos lingüistas mediante a agrupación de variedades relacionadas a través do emprego de criterios xenético-estructurais (Weinrich 1954: 390) no sentido de que unha a realidade lingüística ten moito de *creación* desde a súa propia definición e carece dunha definición esencialista en función de características intrínsecas. Coma moitos outros conceptos de carácter cultural (literatura, historia...) as linguas defínense a partir dun acordo e da propia consideración comunitaria coma tales, e desde ese punto de vista semella que o lingüista (o sociolingüista) ten capacidade para lexitimar e publicar a consideración coma lingua dunha determinada modalidade lingüística. En efecto, o traballo do lingüista podería ficar na simple análise de laboratorio, mais subxace sempre unha vontade aplicada que ten que ver cunha intención activa sobre os hábitos lingüísticos maioritarios nas sociedades. Isto adquire especial relevancia en contextos minoritarios e conflictivos, nos que a aplicación dos achados lingüísticos en procesos de normalización e planificación lingüística é especialmente productiva en procedementos de afirmación e reivindicación sociocultural e política.

O establecemento dun marco legal é imprescindíbel para isto, xa que se trata de lexitimar e xeneralizar a proposta teórica xurdida dun traballo analítico previo procedente do estudio. A lei, xa que logo, implica que o *campo académico* sirva ou colabore co *campo do poder* (emprego a terminoloxía de Pierre Bourdieu) de modo que se produce a *lexitimación* social dunha proposta que se pode levar á praxe e coa que, en teoría (falando en termos de democracia) se identificará a maioría dos membros da comunidade.

Efectivamente, en casos de linguas cubertas e espacios diglósicos relacionados con procesos de reivindicación identitaria e/ou étnica, a lei serve para converter en *focalizada* unha comunidade *difusa* (Le Page & Tabouret-Keller 1985: 180-205), ou, noutras palabras, para canalizar a conciencia autoconstructiva a través da fixación dun código lingüístico diferenciado e recoñecido coma tal. As leis, xa que logo, son mecanismos que poden ser postos ao servicio de procesos que traten de evitar a *asimilación lingüística* (tanto por *asimilación* coma por *hibridación*), e neste sentido debe ser entendido o xurdimento no Estado Español de tentativas legais a respecto da normalización lingüística, xa desde os anos 30, especialmente na súa relación co Ensino, institución considerada (con razón) principal elemento de dinamización cultural e principal facilitador da rexeneración a través da dotación de *competencia lingüística* e *comunicativa* na lingua B, e da extensión (vía canon privilexiado e fixación da autoridade) das *actitudes positivas* a respecto da lingua cuberta.

O marco lexislativo do galego: a histórica procura de normalización lingüística

A aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 abriu unha etapa de profundos cambios para a estructura económica, social e cultural de Galicia. Desde un punto de vista simbólico, o Estatuto supuxo a recuperación de boa parte do traballo dos políticos galeguistas e nacionalistas que, en 1936 viron o seu proxecto abortado polo repentino estalido da Guerra Civil (1936-1939). A fin da dictadura de Francisco Franco (1936-1975) deu paso a unha nova consciencia restauradora pola cal era imprescindíbel

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

a instauración dun Estado democrático moderno. A redacción dunha Constitución para redefinir España recoñecía a existencia das chamadas «Nacionalidades Históricas»: Galicia, Cataluña e País Vasco, as tres autonomías que viran aprobado o seu Estatuto de Autonomía antes do golpe militar de Franco en 1936. De acordo con este feito histórico, a Constitución recoñece a cooficialidade do español e as linguas propias de cada unha destas comunidades nos seus respectivos territorios. O Estatuto de Autonomía recolle os dereitos lingüísticos dos cidadáns galegos e senta as bases para unha Lei de Normalización Lingüística que, finalmente, se aproba en 1983. De todos modos, estes tres compendios legais remiten á primacía da lingua española en todo o Estado (indicada na Constitución), pois a *obriga* de coñecer a lingua é unicamente recoñecida para o español, mentres que para o galego só se contempla o *dereito* de usala.

Efectivamente, a perspectiva histórica do azaroso devir de España durante o século XX explica as decisións legais asumidas trala morte de Franco a respecto dos dereitos socioculturais das comunidades históricas Galicia, Cataluña e País Vasco. Neste sentido, cómpre unha análise realista que se afaste de lecturas apaixonadas e quizais demasiado implicadas no proceso político da Transición (Rodríguez 1980; García Negro 1991) para decatarse de que a Constitución de 1978 nacía baixo unha situación política extremadamente delicada na que a estabilidade do Estado e a consecución da democracia dependía da (re)conciliación de grupos políticos enfrontados (as chamadas «dúas Españas»). Por outra banda, é necesario non perder de vista que o proceso democrático miraba con recelo as voces nacionalistas e de esquerda que eran consideradas en parte responsábeis do desequilibrio da «unidade» de España, tanto daquela coma hoxe, e en aras dunha lectura simplista do conflicto 36-39. Xa que logo, os 40 anos de dictadura (e de mentalidade franquista) fortemente enraizados na visión do mundo dos Españois pesaron sobre as decisións tomadas no proceso democrático, un proceso no que os cambios bruscos podían pór en perigo a propia vontade restauradora dos gobernos de transición (pensemos no axiña que se produciu un intento de Golpe de Estado, en 1982). En definitiva, nunha análise dos procesos xurídico-políticos que conduciron á realización de marcos lexislativos específicos para as Comunidades Autónomas do Estado Español, cómpre non perder de vista a situación histórica, que desde unha perspectiva actual e simplificadora, pode resultar un xuízo de valor máis alá ca unha análise realista dos complexos procesos que se instauraron a raíz da aprobación da Constitución en 1978.

Quizais, efectivamente, a revisión dunha constitución que naceu ad hoc para un momento tradicional sexa a reivindicación máis razoábel nos nosos días. Pero isto non xustifica que o xuízo e estudio da mesma non poida (e deba) ser contextualizado no seu momento: de feito, se non fose por ese contexto específico no que naceu, hoxe, tras 24 anos, non estariamos en condicións de xustificar a necesidade de cambiala. Xa que logo, propoñémonos unha análise do marco legal do galego desde unha perspectiva histórica, sinalando as circunstancias actuais (non contextuais do momento de aprobación de cada lei) que contribúen ao seu desfase ou problemática concreta.

II República (1931-1936): o Estatuto de Galicia (1932). As linguas no franquismo.

Para comprendermos as características dos marcos legais autonómicos xurdidos trala morte de Franco cómpre remontarse ao seu antecedente inmediato: a constitución da II República de 1931. Non é gratuíta esa mirada atrás: o goberno republicano de esquerdas

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

da Fronte Popular que asume o poder democraticamente en 1931 (goberno de coalición no que se aglutinaba non só a esquerda, senón boa parte dos partidos de corte nacionalista e/ou autonomista coma o Partido Galeguista) propúñase unha fonda revisión das estructuras políticas en España. Cumpría, xa que logo, unha nova constitución pola cal o Estado ficaba modernizado e equiparado ás avanzadas democracias europeas (nomeadamente a francesa). Tratábase de definir España coma un Estado republicano, laico e plural. Evidentemente, desde os sectores sociais máis conservadores, este novo goberno foi ollado con receo e medo, agardando ao mesmo tempo a escisión que sen dúbida se había de producir nunha coalición que aglutinaba partidos de índole enfrontada (comunistas e socialistas, unitaristas e nacionalistas).

A constitución da II República, aínda sen desenvolver o modelo federal (motivo de arduos debates), procuraba a reestructuración do Estado a través da aprobación de Estatutos de Autonomía. Esa constitución contemplaba a posibilidade de que as linguas minorizadas adquirisen unha consideración oficial (cooficial) no nivel rexional (art. 2º), alén da súa regulación educativa (art. 48º). Como sinala Henrique Monteagudo, a constitución da II República é decisiva no relativo á consideración da lingua coma un *ben simbólico*, xa que «foi a primeira na historia contemporánea de España que codificou explicitamente o estatus legal do castelán e, ó mesmo tempo, das outras linguas españolas» (Monteagudo, 1999: 405). Nela, concretamente, dicíase:

> «El castellano es el idioma oficial de la República. Todo español tiene obligación de saberlo y derecho de usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de las provincias o regiones. Salvo lo que se disponga en leyes especiales, a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional.» [Monteagudo 1999: 412]

Notemos que o artigo sinala dúas cuestións fundamentais desde un punto de vista legal: a oficialidade da lingua española (para a que se recoñecen tanto dereitos coma deberes) e os dereitos das linguas rexionais, para as que se abre a posibilidade de «deberes» no caso de posuíren «leyes especiales». A cuestión dos dereitos e dos deberes é fundamental para o recoñecemento e a lexislación do estatuto lingüístico das minorías, nun debate que se prolonga ata os nosos días.

A posibilidade aberta dos estatutos propios para cada «rexión» segue a terse en conta no nivel educativo (tradicional institución normalizadora e fornecedora de hábitos lingüísticos a considerar sempre en toda análise dun marco legal), considerado no artigo 50º, no que se recoñece ás rexións autonomía educativa en función do ensino das linguas respectivas. Con todo, a constitución da II República establecía explicitamente que a lingua vehicular do ensino había ser o castelán en todo o Estado de xeito que, intuímos, o ensino do galego só podería ser anecdótico, optativo ou, en todo caso, co status dunha lingua estranxeira, coas consecuencias que iso ten a nivel de hábitos e actitudes[1].

[1] Artigo 50º: «Las regiones autónomas podrán organizar la enseñanza en sus lenguas respectivas, de acuerdo con las facultades que se concedan en sus Estatutos. Es obligatorio el estudio de la lengua castellana, y ésta se usará también como instrumento de enseñanza en todos los Centros de instrucción primaria y secundaria de las regiones autónomas. El Estado podrá mantener o crear en ellas instituciones docentes de todos los grados en el idioma oficial de la República. El Estado ejercerá la suprema inspección en todo el territorio nacional para asegurar el cumplimiento de las disposiciones contenidas en este artículo y en los dos anteriores». [García Negro 1991: 226]

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

Efectivamente, o compromiso do goberno republicano a respecto da preservación e promoción das minorías culturais e lingüísticas do Estado Español era máis ben simbólico, xa que, aínda contemplando a posibilidade da aprobación de Estatutos de Autonomía propios, a marxe de actuación permitida pola Constitución non era demasiado ampla. A autonomía educativa, en xeral, é moi significativa a respecto do grao de liberdade de actuación permitida ao estatuto, e cómpre decatarse de que a constitución, neste sentido, era abondo restrictiva ao especificar, por exemplo, a lingua vehicular do ensino. A cuestión non é baladí: este aspecto, dalgunha maneira, repetirase na relación entre a constitución de 1978 e o Estatuto de Autonomía galego do 81.

Con todo, cremos que Pilar García Negro (1991: 225) expón un cúmulo de contradiccións cando, na súa crítica a este aspecto da constitución republicana, argumenta sinalando que «o Estado que se declara por lei aconfesional, por primeira vez na história española (artigo 3º: 'El Estado no tiene religión oficial'), continúa a ser 'confesional' en matéria lingüística, coa oficialidade proclamada e única do español». Un Estado moderno (e plurilingüe) que explícita e constitucionalmente pretende manter unha unidade de corte centralista (pensemos non só no Estado da República Española, senón tamén na República Francesa moderna, por exemplo) debe especificar o estatuto de oficialidade das linguas faladas no seu seo. Non é equiparábel a cuestión relixiosa á cuestión lingüística, entre outras cousas porque a lingua é un instrumento de comunicación entre os cidadáns, mentres que a relixión é unha crenza, e, como tal, non ten consecuencias a nivel administrativo, como si ten a lingua, uso que o Estado debe codificar e lexislar co fin de establecer un acordo comunitario. A contradicción fundamental na tese de García Negro é, con todo, algo máis simple: a 'confesionalidade' en materia lingüística é a que se defende desde a consideración de cooficialidade para as linguas minoritarias. Un estado plenamente aconfesional nesa materia, xa que logo, non podería considerar ningún tipo de estatuto legal para ningunha das linguas no seu seo, de modo que o conflicto lingüístico, sen ningún tipo de amparo legal, quedaría supeditado á «lei do máis forte». A desaparición das minorías perante o peso da maioría, entón, sería causado, xustamente, por un baleiro legal. Os membros do goberno da II República eran conscientes diso, e, xustamente, a consideración estatutaria da oficialidade era unha das peticións dos políticos nacionalistas co fin de establecer redaccións semellantes nos respectivos Estatutos de Autonomía.

De feito, o Estatuto de Galicia (1932), no seu artigo 4º dicía:

> «Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego; pero en las relaciones oficiales de la Región con autoridades de otras Regiones y con las del Estado, se usará siempre el castellano». [Monteagudo 1999: 430]

Conseguíase así unha consideración de cooficialidade que facilitaba o camiño para a progresiva conquista de usos públicos e máis amplas consideracións futuras, malia a prescrición da Constitución. En efecto, o artigo 15º establecía a obrigatoriedade do ensino das dúas linguas oficiais, obrigatoriedade que era novidade no Estatuto de Autonomía aproveitando a marxe deixada pola propia Constitución.

A Historia futura había demostrar a importancia deste marco legal a recuperar despois dos 40 anos de dictadura, un marco sen o cal, sería imposíbel a aprobación do Estatuto do 81, xa que a Constitución da Transición explicita que só serán consideradas Comunidades Históricas (sinónimo de dereitos específicos e marcos legais autónomos) aquelas que tivesen plebiscitado e aprobado un Estatuto de Autonomía antes do golpe

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

do 36. En efecto, o xeneral Franco, na súa condición indiscutíbel de dictador e golpista, deroga todo marco legal e lexislación anterior especificando, vía circulares enviadas a diferentes sectores da administración (corpo docente, funcionariado público) o uso exclusivo e público da lingua española coma lingua única do Estado Español, e, por suposto, de ensino obrigado.

Con todo, durante o franquismo, o emprego vehicular do galego nunca foi prohibido *de iure*. A prohibición *de facto* funcionou no sentido de que os usos públicos e elevados estaban preestablecidos coma obrigatoriamente en español, pero o dictador nunca lexislou a prohibición do galego. Sen embargo, a censura e a prohibición factual foron máis efectivos cá xurídica: as actitudes socioculturais (e lingüísticas) cara a todo o que non fose lexitimado polo caudillo víronse verdadeiramente mermadas e reflectidas nun aumento da discriminación por motivos lingüísticos (pensemos que a diglosia en Galicia sempre foi social, non funcional) e nunha diminución exponencial do uso do galego en ámbitos familiares. Efectivamente, sen necesidade dun marco legal, Franco conseguiu que o prestixio da lingua española soterrase as linguas minorizadas cara á consideración de *patois*.

Á morte de Franco, o rei Juan Carlos de Borbón, en calidade de Xefe de Estado Interino, asina o chamado «Decreto de 1975» polo cal anticipa a Constitución declarando o castelán coma idioma oficial e as linguas rexionais con consideración de «Linguas nacionais», cuestión que se traducirá posteriormente na cooficialidade das comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos.

A Constitución Española (1978)

O artigo 3 da Constitución Española é o que se refire á consideración lingüística do Estado, un Estado, cómpre lembralo, que se define coma unha Monarquía Parlamentar que, ademais, se organiza a través de Comunidades Autónomas. En efecto, a Constitución non recupera o espírito lexítimo (votado democraticamente) do goberno desbancado por Franco: non hai opción a considerar España unha república e tampouco hai opción a que os españois decidan o deseño estatal para integrar a *pluralidade* cultural e lingüística de España (o posíbel federalismo que se debatía na II República). A constitución, xa redactada, ofrécese en referendum coa fin dunha dictadura, que nin sequera sucede gracias a unha revolución, senón gracias á morte do propio dictador, que xa deixa asignado un *sucesor* (o actual rei Juan Carlos), presente nunha Constitución monárquica que, por suposto, o pobo ía aceptar sendo a única opción democrática que se presentaba tras 40 anos de dictadura. De aí que, hoxe, asentada a democracia (conquista imprescindíbel), haxa voces que expresan a necesidade dunha revisión (no esencial da definición de España) da devandita constitución de 1978.

Mais volvamos ao artigo 3 onde se di:

1. El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho de usarla.
2. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades de acuerdo con sus Estatutos.
3. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

O dereito de usar e o deber de coñecer o español é unha precisión da constitución que deu lugar a problemas na redacción dos Estatutos de Autonomía. En efecto, o propio texto constitucional é equívoco, xa que, falando da oficialidade do español sinala dereitos e deberes, mais falando das demais linguas do Estado, só sinala a oficialidade (cooficialidade) sen máis consideración legal, de modo que a interpretación realizada foi a de incompatibilidade entre o *deber* de coñecer as linguas oficiais en cada comunidade autónoma: para elas os Estatutos só poden recoñecer *dereitos*.

A cuestión da oficialidade das outras linguas é importante, xa que punto 2 especifica o territorio onde serán oficiais: o galego, xa que logo, só goza do estatuto de oficialidade e de amparo legal dentro de Galicia, de modo que un cidadán galego queda sen dereitos lingüísticos no momento en que sae das fronteiras da comunidade autónoma. A nivel administrativo a cuestión é importante: o goberno central e os demais gobernos autónomos non teñen por qué (nin poden) expedir documentación en lingua galega, ao tempo que o ensino do galego no sistema educativo público fóra de Galicia depende do voluntarismo e da condescendencia legal dos gobernos. E non esquezamos que, independentemente da posibilidade de que un cidadán español poida ter desexos de aprender galego sen necesidade de desprazarse a Galicia, está o feito recoñecido desde instancias autorizadas e lexitimadas polo estado (o propio Estatuto de Autonomía) de que existen zonas nas que se fala o galego fóra da Galicia administrativa: a franxa Navia-Eo, o Bierzo e certas zonas de Zamora teñen coma lingua propia algunha variedade do galego.

O Decreto de Bilingüismo e o Estatuto de Autonomía (1981)

Antes de referirnos ao Estatuto de Autonomía en materia lingüística cómpre falar do seu primeiro antecedente, o chamado «Decreto de Bilingüísmo», publicado en 1979. Con el, pretendíase anticipar algunhas das consideracións lingüísticas do Estatuto de Autonomía co fin de comezar a aplicar esas marxes constitucionais o antes posíbel. O decreto lexislaba a incorporación do galego ao ensino en Galicia.[2]

No seu artigo 1º o decreto establecía a incorporación da lingua galega aos planos de estudio.[3] As consecuencias deste feito son fundamentais. En primeiro lugar, o ensino da lingua B implica sempre unha mudanza no prestixio da mesma a través da súa lexitimación polo emprego canónico que sempre implica o sistema educativo. Xa que logo, era un primeiro paso para establecer actitudes positivas a respecto dun cambio de hábitos lingüísticos (pais galegofalantes que pasaran a falarlles castelán aos seus fillos, atopaban que a lingua a evitar era entón materia de ensino) e, sobre todo, para dinamizar a producción discursiva en galego. En efecto, comprobamos que arredor de 1980 se disparan os índices de producción literaria en lingua galega ao tempo que se dinamiza o sector editorial, pulados, evidentemente, polo aumento de lectores potenciais vía escola. Non esquezamos que o emprego da lingua coma factor identitario de carácter étnico na

[2] «Real Decreto 1981/1979, de 20 de julio, por el que se regula la incorporación de la Lengua Gallega al sistema educativo en Galicia».

[3] «La Lengua oficial del Estado se enseñará, conforme a los planes de estudio, en todos los Centros docentes de Galicia, al objeto de que todos los alumnos adquieran el dominio oral y escrito de las misma adecuado a su edad. Con los mismos fines se incorporará a los planes de estudio la enseñanza de la Lengua Gallega».

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

cultura galega sempre estivo relacionado coa promoción literaria (cultural en xeral), de modo que o ensino do galego coma materia obrigatoria viña recuperar ese espírito e abrir unha canle recuperadora esencial.

En efecto, o Decreto de 1979 incluía o ensino do galego en tódolos niveis educativos (desde Preescolar ata o Bacharelato), aínda que se trataba dunha instauración tímida porque a lei estipulaba que haberían de terse en conta as «situaciones pedagógicas que puedan presentarse y, en todos los casos, las circunstancias personales de los alumnos».[4] Esta precisión, na miña opinión, denota, por unha banda, que o galego entraba no ensino baixo a consciencia de que era unha lingua vehicular habitual (doutro xeito, a lei podería considerala do mesmo xeito ca o ensino dunha lingua estranxeira), pero tamén baixo a consciencia de que as actitudes cara ao mesmo abrirían un debate que, alomenos, obrigaba a esta cautela lexislativa. Unha cautela, pensemos, que tanteaba o terreo para a promulgación do Estatuto de Autonomía e, algo despois, para unha Lei de Normalización Lingüística que trataba de maneira moi pormenorizada esta cuestión.

O decreto tamén establecía a creación de cátedras de lingua e cultura galegas nas Escolas de Formación do Profesorado (art. 4), igual ca nos institutos de Bacharelato, onde a materia se facía obrigatoria (art. 5). Xa que logo, semella que a promoción e estudio do galego ficaba reducida ao Ensino coma ámbito de consciencia normalizadora esencial, sen prever, aínda, que a posibilidade da creación de cátedras sobre o galego noutros ámbitos formativos (calquera outra licenciatura, ou a definitiva disgregación da Filoloxía Galega da Licenciatura en Hispánicas) podería ser útil (como desde logo o foi) nun proceso normalizador.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece para a comunidade, no artigo 31º, competencias plenas no *desenvolvemento* de materia de ensino, cultura e creación de medios de comunicación propios. En efecto, todos eles son elementos fundamentais en procesos de planificación e normalización lingüística que, dalgún xeito, foron aproveitados na redacción da Lei de Normalización Lingüística, así coma na praxe planificadora ata a actualidade.

O Estatuto parte de afirmacións esenciais no seu artigo 5º:

1. A lingua propia de Galicia é o galego
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantizarán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecimento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Efectivamente, o recoñecemento do galego coma lingua propia de Galicia non é gratuíto, xa que pon en solfa que non é necesario considerar Galicia coma de filiación española (reivindicación histórica do nacionalismo), co que iso conleva a nivel identitario. Sen embargo, a restricción da constitución a respecto dos deberes e dos dereitos obriga a que o punto 2 só recoñeza para os galegos o dereito de coñecer e de

[4] Art. 2.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

usar a súa lingua, xa que a constitución así o establece, e xa que o seu deber parece ter que ver exclusivamente coa lingua española.

En opinión de Pilar García Negro, o Estatuto de Autonomía «reduce o uso do galego a unha opción facultativa que, en si, é negadora da natureza de calquer lingua, necesitada dunha masa de falantes homoxénea que a sinta e a pratique como útil» (García Negro 1991: 292). Sen embargo, cómpre ter en conta que o Estatuto é un marco legal de carácter xeral que, se ben debe acollerse ás restriccións impostas polo seu antecedente inmediato, a Constitución (ese é o verdadeiro problema), non ten como función inmediata establecer unha lexislación en materia lingüística, senón fornecer a Comunidade dun código lexislativo propio e relativamente independente que permita a formulación de leis específicas noutras materias, entre elas a lingüística. Xa que logo, na miña opinión, a principal consecuencia do Estatuto de Autonomía, non é de carácter lingüístico, senón de carácter socio-político: por primeira vez desde 1936 Galicia conta cunha posibilidade (malia tímida) de se autogobernar, e iso produce reaccións desde o punto de vista identitario e cultural que, dalgún xeito, se ven reflectidas non só nos hábitos e actitudes lingüísticas dos galegos (os primeiros, malia todo, en constante descenso), senón na aceptación xeralizada da Lei de Normalización Lingüística de 1983.

A Lei de Normalización Lingüística (1983)

A Lei de Normalización Lingüística consta de seis títulos: «Dos dereitos lingüísticos en Galicia», «Do uso oficial do galego», «Do uso do galego no ensino», «Do uso do galego nos medios de comunicación», «Do galego exterior», «Da Administración autonómica e a función normalizadora». Tamén posúe unha «Disposición adicional» referida á normativa.

Os dous primeiros artigos están en claro diálogo co art. 5º do Estatuto de Autonomía:

> Art. 1 «O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo».
> Art. 2 «Os poderes públicos de Galicia garantizarán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma».

En efecto, a Lei parte da consideración do galego coma lingua cooficial ao castelán dentro da Comunidade Autónoma galega e establece un deber e un dereito a respecto da lingua para todo cidadán galego. Sen embargo, o inciso «o deber de coñecelo» foi declarado inconstitucional e houbo de ser modificado polo inciso «o dereito de coñecelo e usalo». Xa que logo, a mesma Lei de Normalización Lingüística se atopa co eterno problema derivado da Constitución encol da imposibilidade de recoñecer deberes para as linguas cooficiais do Estado Español.

Na miña opinión, o gran problema proposto polo ideario emanado da Lei de Normalización Lingüística é que establece un carácter de igualdade entre as dúas linguas, unha igualdade que, se ben é lexítimo en marcos legais de carácter xeral, non ten porque se presentar nunha lei que, escrita para encetar un proceso *normalizador*, xorde precisamente pola constatación dunha *desigualdade* (e un conflicto) que ela debe corrixir. Xa que logo, esta Lei, en esencia, non garante que a súa posta en práctica

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

equipare a situación do galego á do español, xa que parte da falsidade de que a consideración social e legal das mesmas é idéntica, coma cooficiais que non, cando a propia Constitución e o Estatuto de Autonomía impiden ese status equivalente a través da igualación de dereitos e deberes.

Ese problema repítese ao longo de toda a Lei de Normalización Lingüística. En efecto, o artigo 4º establece o galego coma lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, pero ao mesmo tempo engade que, de acordo coa constitución, «tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado». Deste modo un galego, legalmente, pode esixir o seu dereito a ser atendido en galego nas institucións públicas, ao tempo que o funcionariado tamén ten dereito a realizar o seu labor en castelán. Ámbolos dous están amparados pola lei, no relativo a dereitos, mais os deberes fan que a razón xurídica estea a favor do uso do castelán: coma cidadán do Estado Español un galego debe coñecer o castelán (a priori, xa que logo, enténdeo), incluso sendo cooficial co galego na súa comunidade autónoma. Hai, xa que logo, unha contradicción. Pensemos que no artigo 6º se especifica que «os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma», onde é importante decatarse de que a cooficialidade só funciona no territorio galego. Sen embargo, nese mesmo artigo, sinálase que as actuacións administrativas «serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada», a pesar de que «os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega». Polo tanto, ¿de que maneira eses poderes poden promover o uso se só poden apelar á boa vontade do funcionariado?

Neste mesmo sentido, parece ir en contra dese compromiso de promoción do galego un artigo 8º no que se sinala que os documentos públicos se poderán redactar «en galego ou castelán», sen indicar unha preferencia pola primeira lingua que, non sería inconstitucional porque nin a Constitución nin o Estatuto imposibilitan a indicación de preferencias ou liñas a priorizar desde os poderes públicos da Comunidade. Mais unha indicación deste tipo en numerosos artigos da Lei de Normalización Lingüística facilitarían o que sen dúbida é o seu obxectivo: a promoción e normalización da lingua galega.

En relación con isto está a formación en lingua galega do funcionariado. En efecto, o artigo 11 sinala que nas probas selectivas para acceder ás prazas da Administración Autónoma será mérito «o grado de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional». A cuestión xa estaba presente na Constitución da II República, e chama a atención que a recupere a Lei de Normalización Lingüística sendo que non hai referencias a ela nin na Constitución nin no Estatuto. De feito, a normativa para o acceso aos postos funcionariais públicos establece que se valoraran en positivo o coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma, aínda que en Galicia o cumprimento disto é moi relativo, pois a ponderación do coñecemento do galego non é excluínte e é puntualmente menor ca outros méritos coma o tempo de experiencia laboral.

En Galicia, un dos ámbitos máis desnormalizados é o da Xustiza, campo que esperanzadoramente aparecía na Lei de Normalización Lingüística, mais finalmente envolto na ambigüidade. No artigo 7º de dita Lei sinálase que «As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada», ao tempo que todo cidadán ten dereito «a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa». A cuestión é que a miúdo as disposicións son emanadas en

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

español, e a típica lentitude que caracteriza a xustiza galega aínda se ralentiza máis perante a notificación traducida.

No artigo 13º a Lei de Normalización Lingüística especifica a vontade planificadora no sistema educativo na Comunidade Autónoma, no sentido de que as Autoridades educativas deberán arbitrar «medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino». Novamente atopámonos perante unha vontade normalizadora descafeinada na que o uso progresivo é de diversa interpretación segundo a vontade de promoción que cada entidade responsábel queira ou poida levar a cabo. Aínda que, esa vontade faise obriga ao establecer a Lei, no artigo 14º, que «A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios».

En materia educativa, a Lei de Normalización Lingüística aínda expón outro problema ao sinalar que «Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón de lingua», lei efectivamente igualadora e non discriminatoria, pero á luz da situación real actual completamente antinormalizadora.

Esta percepción débese a que o número de bilingües iniciais en Galicia e o número de monolongües casteláns iniciais aumentan en detrimento da poboación monolingüe inicial en galego, como demostra o *Atlas Sociolingüístico de Galicia*. En efecto, os núcleos urbanos máis castelanizados amosan que á medida que pasa o tempo as xeracións máis novas perden máis contacto coa lingua galega, co que a súa presencia no sistema educativo non ten o mesmo valor ca en zonas rurais onde, efectivamente, o galego é a lingua ambiental.

Xa que logo, a aprendizaxe da lingua non é (nin debería ser) idéntica nuns ámbitos ca noutros, xa que mentres alumnos do rural poden acceder a un ensino do galego orientado á depuración da lingua, cada vez faise máis patente que quizais sería conveniente reorientar o ensino do galego en núcleos urbanos castelanizados cara a metodoloxías que achegasen o galego cara ao ensino dunha lingua estranxeira. A cuestión é polémica, pois quizais non é conveniente dar á considerada a nivel legal a «lingua propia de Galicia» unha consideración equiparábel á dunha lingua estranxeira, mais cumpriría ponderar a productividade a nivel ensino-aprendizaxe dunha opción que, sen dúbida, aportaría falantes de calidade.

O grande problema hoxe por hoxe é que o ensino do galego neste tipo de contextos non garante nin o seu uso, nin sequera a súa competencia comunicativa nesa lingua, senón unha competencia pasiva que, por pura inmersión lingüística, os alumnos xa teñen. Xa que logo, semella que a focaxe educativa hoxe por hoxe para a lingua galega dalgunha maneira contribúe a un momento de *impase*. A solución seguramente pasaría pola elaboración de planos de estudio da lingua e da cultura galegas diferenciados en función dunha avaliación inicial do alumnado, de xeito que unha separación por niveis podería contribuír a un ensino de maior calidade. En efecto, tanto o Estatuto de Autonomía, coma a Lei de Normalización Lingüística coma a Lei de Educación impiden esa separación por considerala discriminatoria (habería que preguntarse se iso é discrimatorio), aínda que é certo que a Lei de Normalización deixa unha porta aberta cando sinala a posibilidade de realizar unha «separación en aulas diferentes» debido a un carácter excepcional por «necesidades pedagóxicas». Comeza a abrise o debate, xa que logo, de se non será unha necesidade pedagóxica esa diversificación nos hábitos e características lingüísticas do alumnado que, vinte anos despois, son diferentes do momento de aprobación da Lei de Normalización Lingüística.

O artigo 18º regula o emprego do galego nos medios de comunicación, establecendo que:

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

«O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma».

O problema é a laxitude existente no (in)cumprimento desta lei. En efecto, a calidade real dese galego empregado pola TVG é dubidosa, sendo que esta pragado de interferencias do español tanto no nivel fonético coma no morfosintáctico e léxico. Os servicios lingüísticos da RTVG non posúen capacidade real para a acción e a súa presencia e meramente consultiva. Por outra banda, a publicidade en castelán e o descontrol en canto á lingua empregada por convidados e colaboradores dos programas emitidos é xeralizada, incumprindo, tamén, a precisión da Lei pola cal se establece o compromiso de dobrar, subtitular e traducir cando a ocasión o requira. En xeral, o español non require esa necesidade.

Neste repaso a salto de mata pola Lei de Normalización Lingüística de 1983 aínda quixera determe brevemente na «Disposición adicional» na que se estima «coma criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega». A cuestión reflicte na propia Lei un longo debate social sobre a opción ortográfica do galego que en Galicia se estende ata os anos 70.

Como veremos despois, un dos problemas desnormalizadores no contexto galego é que non existe un acordo filolóxico sobre a ortografía do galego. Claro que a cuestión vai máis alá do ortográfico, pois as dúas posturas fundamentais enfrontadas (o reintegracionismo, partidario dun achegamento ortográfico ao portugués; e o oficialismo, partidario do emprego dunha ortografía que aproveita a alfabetización en español de boa parte dos galegos) ten consecuencias políticas a respecto das relacións culturais e filiación nacional da comunidade galega. A través desta disposición adicional na Lei de Normalización Lingüística, o goberno galego trataba de solventar o debate a través da lexitimación legal e gubernamental, optando pola ortografía proposta polo Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) e pola Real Academia Galega coma ortografía oficial para usos públicos. Lonxe de solucionar o problema, o debate reabriuse (faino periodicamente) e politizouse definitivamente. Con todo, a disposición sinala que «Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego», xa que tanto o ILG coma a RAG asumían un compromiso de diálogo e de achegamento a outras posturas ortográficas en función do que se supuña un progresivo achegamento dos galegos ao uso da súa lingua en ámbitos orais e escritos públicos, de onde o franquismo a retirara totalmente. En efecto, esa vontade de diálogo recuperouse en 2001, ano en que ILG-RAG ofreceron unha nova normativa consensuada con certos sectores do reintegracionismo (os outros sectores non quixeron participar) na que se cumpría aquel compromiso de comezos dos 80. Sen embargo, o propio goberno galego actualmente no poder (PP, distinto do que gobernaba daquela, un goberno de coalición socialista) e algúns sectores da RAG non aprobaron a nova normativa, co que seguimos nun momento de impasse. A isto quizais cumpriría engadir que o actual presidente da RAG, publicamente partidario da nova normativa, no seu discurso do 17 de maio de 2002, día conmemorativo das letras galegas, sinalou a necesidade de redactar unha nova Lei de Normalización Lingüística, cuestión que sen dúbida abriría o camiño para, definitivamente, aprobar a normativa de consenso e acabar cun debate de consecuencias paralizadoras para os procesos de planificación lingüística.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

Na miña opinión, o da normativa é un verdadeiro problema desnormalizador a nivel social, procedente do campo educativo, fundamentalmente. En efecto, a norma escrita de calquera lingua lexitima o seu uso e orienta as expectativas e seguridade na competencia lingüística dos seus usuarios. A inestabilidade da norma en linguas minoritarias, xa que logo, contribúe a deslexitimala coma modalidade cultural problemática e insegura.

A normativa da RAG-ILG foi aprobada por decreto en 1982, aínda que se deixaba un lugar para a súa revisión e unha vontade de diálogo constante coas demais propostas normativas en busca do consenso. Cómpre lembrar, ademais, que a normativa procedía de entidades que sistemas normais adoitan posuír poder de Autoridade (no sentido canónico) a Academia da Lingua e a Universidade. Sen embargo, o plus de atención á lingua propio da sociedade galega reduce o prestixio destas entidades en favor dun debate no que participan todos e cada un dos colectivos da sociedade, mesmo sen a máis mínima formación filolóxica. En todo caso, o decreto polo que se aprobaba a devandita normativa establecía unha lei que non se cumpre:

> «As normas aprobadas polo presente Decreto son de ensino obrigado en tódolos centros escolares de Galicia sobre os que teña competencia a Comunidade Autónoma e esténdense a tódalas áreas e actividades».

Na miña opinión non só o incumprimento, senón a falta de control a respecto do cumprimento desta disposición é unha das causas de que o debate non só siga aberto, senón que haxa consecuencias negativas causadas porque a inestabilidade da norma se fai visíbel a nivel social e é concibido coma problemático algo que, de certo, non tería por qué ter tal capacidade desestabilizadora.

O gran problema normativo débese, quizais, a que existe un choque materializado na elaboración do código que presenta o plus mitificador que a comunidade galega verteu sobre unha historia propia coma romántico factor étnico de identidade. Como di Monteagudo (1999: 28), «a "Galicia" da que queremos reconstruír un pasado e un devir é un constructo actual que non estamos autorizados a extrapolar e retroproxectar no tempo o pasado da actual "Galicia" non é identificable sen máis coa Gallaecia provincia romana, nin co Reino suevo, nin co medieval Condado ou Reino de Galiza, nin co Reino de Galicia do Antigo Réxime». Neste sentido, semella que non debemos esquecer que, para ben ou para mal, as características actuais da sociedade galega posúen un peso tradicional do conflicto lingüístico mediante unha presencia do castelán coma lingua e coma cultura (e dependencia política) que non pode ser obviada. E ese quizais é o grande reto dun proceso normalizador que se pretenda realista e independente a respecto de ansias históricas e utopías políticas que, no fondo, non denotan a dependencia da nación Española, pero si da portuguesa, ou, mais aínda, dun desexo nacional incumprido historicamente.

A normalización da lingua galega: as principais institucións normalizadoras

A estas alturas quizais sexa redundante sinalar a pre-definición diglósica da comunidade galega, mais convén precisar que esta diglosia en Galicia non é funcional, senón social (Monteagudo 1999: 45), cuestión que condiciona de maneira fundamental os camiños de prestixiación e lexitimación dunha lingua tradicionalmente asociada aos sectores

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

máis pobres e incluso marxinais da sociedade. Como sinala Pilar García Negro, «o termo "bilingüísmo" corresponde-se cun conceito anfibolóxico que ultrapasa con moito o mero valor denotativo numérico —dual— para encher-se con sucesivas conotacións, de xénese e operatividade claramente ideolóxicas» (García Negro 1991: 37-38).

En efecto, o conflicto lingüístico é xa unha realidade na que, á medida que pasa o tempo, semella cada vez máis difícil unha concepción de Galicia sen a convivencia (conflictiva ou pacífica) de castelán e galego. Se ben é certo que o *bilingüismo harmónico* (fórmula inventada por un goberno de dereita claramente descomprometido a respecto da normalización lingüística) é imposíbel tanto en termos teóricos coma en termos prácticos, o que parece razoábel é pensar que un proceso normalizador en Galicia debe contar coa necesidade de garantir os dereitos lingüísticos, tamén, dun grupo de galegos cada vez máis numeroso que se declara bilingüe. Xa que logo, a grande pregunta actual en calquera proceso planificador e normalizador é se o obxectivo do monolingüismo é o verdadeiramente idóneo para conseguir a normalización do galego. Se entendemos que a normalización é, en efecto, o uso *normal* dunha lingua, semella que este non é contradictorio cunha comunidade na que conviven dúas ou máis linguas. Neste sentido cómpre entender que normal non é sinónimo de único, senón que é sinónimo de desautomatizado, non chamativo, libre. Só cando o emprego público do galego deixe de ser *marcado*, entenderemos que se trata dunha lingua de uso *normal*.

A planificación lingüística neste sentido, xa que logo, non ten porque estar orientada a conseguir un monolingüismo que, sendo realistas, cada vez semella máis utópico, vistas as características sociolingüísticas actuais da sociedade galega, reflectidas no *Atlas Sociolingüístico de Galicia*. Quizais, como demostran os procesos normalizadores do País Vasco ou de Quebec, a planificación lingüística neste sentido debe estar orientada a xeneralizar e permitir preferentemente o emprego do galego en tódolos ámbitos, un emprego visíbel, efectivamente, que acabará tendo consecuencias nos hábitos lingüísticos dunha comunidade na que se promoverá e incentivará (con diversos mecanismos) a elección da lingua a normalizar. Claro que para isto, efectivamente, conviría non só un auténtico xiro nos hábitos planificadores do goberno, senón unha fonda revisión da Lei de Normalización Lingüística, sen mimetismos (a anterior foi calcada da catalana, nunha situación radicalmente diferente) e cunha verdadeira análise da realidade lingüística de Galicia.

É certo que o gran problema devén dunha Constitución que obriga a constantes matices devidos dunha cooficialidade que parte dunha situación de igualdade lingüística irreal, en lugar de partir dun conflicto e desigualdade legal das dúas linguas en contacto. Por isto, a promoción legal do galego non pode ser un deber, senón unha recomendación privilexiada por un relativo compromiso público de favorecer a normalización da lingua galega. Isto explica que haxa amplos campos de acción social onde o uso do galego é verdadeiramente nulo. Ocorre isto, por exemplo, na Administración Militar, onde a recomendación de promocionar o uso do galego procedente da Lei de Normalización Lingüística atopa un muro infranqueábel no dereito constitucional a empregar o español, especialmente nun ámbito no que, coma nos tempos dos Reis Católicos, os militares son de fóra.

O certo é que, independentemente de todos estes problemas e erros de focaxe, si está aberto un proceso de normalización que, dalgunha maneira, esta simbolicamente representado pola existencia gubernamental e pública dunha *Dirección Xeral de Política Lingüística* coma sección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (iso dá conta da centralización da cuestión da lingua e da cultura no ensino) e foi creada en

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

1990?. O seu cometido é o de exercer e colaborar «nas funcións derivadas da promoción e ensino da lingua galega». Para iso conta cunha «Subdirección Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega» coas obrigas de ter un Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega (desde a orientación das equipas de normalización lingüística dos centros de ensino, á organización de congresos, informes, cursos, formación exterior, etc.), un servicio de xestión e promoción Lingüística e un Sercicio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

En 1990 tamén se creou unha Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística que semella unha materialización simbólica e humana da propia Lei de Normalización Lingüística e que é un primeiro paso para a creación de gabinetes de Normalización Lingüística en concellos e provincias.

A modo de conclusión, creo que poderiamos sinalar que o marco lexislativo do galego implica a lexitimación dunha serie de institucións sobre as que recae o peso da normalización da lingua galega, independentemente da intención gubernamental de realizar planes concretos para a normalización lingüística.

Entre esas institucións destaca o Sistema educativo coma materializador do protagonismo da lingua galega coma materia de estudio e, recentemente, coma lingua vehicular.

Como sinala Pilar García Negro (1991: 141), «É opinión unánime considerar o ensino, o sistema educativo na súa totalidade, como un sector fundamental para a vida e expectativas do idioma», aínda que a deputada considera o ensino, en realidade, coma un vehículo de utilización ideolóxica (ela fala de «reforzo ideolóxico») complementario a outros (medios de comunicación) que contribúe ao que ela denomina a «imposición do seu idioma» (o da «ideoloxía dominante») para a «correlativa proscrición do idioma submetido» (García Negro 1991: 141). En efecto, a de García Negro trátase dunha lectura en clave colonial (xustamente na época da descolonización a nivel mundial, cousa que dá idea do grao de actualidade dalgúns dos nosos intelectuais e políticos) do lugar do Ensino nunha cultura vista con certo ton victimista, pois semella que o mesmo emprego de reforzo ideolóxico é posíbel (e de feito deuse) desde a actuación militante dunha importante parte do profesorado claramente comprometida coa promoción do galego. Quere isto dicir que, aínda que en efecto as leis contribúan a que o conflicto non se resolva a favor da lingua minoritaria, tamén é certo que as institucións poden resultar normalizadoras e útiles en procesos de normalización á marxe das leis, coma entidades con poder simbólico e con ampla visibilidade a nivel social.

A presencia de licenciaturas de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela, na Universidade de Vigo e na Universidade da Coruña, conleva a presencia e lexitimación pública da especialización sobre temas de lingua, literatura e cultura galegas a tódolos niveis que funcionan con poder prestixiador para a lingua, pero tamén coma garantía de calidade nun sistema educativo no que o galego xa leva máis de 20 anos coma materia de estudio obrigatorio. Con todo, o ensino destas materias nos niveis primarios e secundarios (ata os 16 anos) non é específico destes licenciados, senón que pode outorgarse a calquera docente que «validase» os seus coñecementos de galego, equiparando cursos de 3 meses a licenciaturas de cinco anos.

É interesante, tamén, que a conciencia normalizadora do ensino, levou a consideralo ámbito privilexiado para a acción a través das chamadas *Equipas de normalización lingüística*, obrigatorias para tódolos centros desde 1996. Estas equipas teñen coma competencia a elaboración dun plan xeral para o uso do idioma con medidas para potencialo e proxectos para promover unha consideración positiva do uso da lingua

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

propia. En definitiva, recae sobre elas o compromiso de normalizar cada centro de ensino.

Do mesmo xeito, a promulgación a raíz da Lei de Normalización Lingüística de cursos de Iniciación e Perfeccionamento coma mecanismo de xeralización do coñecemento do galego foi de gran productividade na adquisición de competencia (activa e pasiva) para sectores tradicionalmente castelanizados do ámbito galego.

Finalmente, cómpre non perder de vista o lugar que a LOXSE (vixente lei de Educación) establece para o galego, unha lei que dá pasos adiante en relación coa de Normalización Lingüística pero que amosa unha ambigüidade que, se ben facilita a acción e o emprego maioritario do galego na escola, tamén se presta ao seu uso reducido. A lei compromete que os nenos utilicen de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, cuestión que para o caso galego se especifica nun Decreto de 1995 (modificado nalgún punto en 1997) que deroga tódolos anteriores en materia educativa e establece que «A Administración educativa de Galicia e os centros de ensino del a utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso». Así mesmo, ese decreto tamén inidica que a redacción de documentos será preferentemente en galego, agás cando sexan con efecto fóra da Comunidade Autónoma, solucionando no nivel educativo aquela ambigüidade presente na Lei de Normalización Lingüística.

O decreto establece (art. 3º) que se dedicará o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e ao da castelá, aínda que o verdadeiramente interesante nel é a especificación do emprego do galego coma lingua vehicular para o ensino. Así, no artigo 4º, dise que en Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria (ata os 8 anos) o ensino desenvolverase na «lingua materna predominante dos alumnos e alumnas», aínda que deben garantir que adquiran coñecemento oral e escrito da lingua oficial de Galicia. Por outra banda, a lei establece que se atenda «de xeito individualizado a aqueles alumnos e alumnas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante», cuestión de evidente relatividade, como se notará. No 2º e 3º ciclos de Primaria (ata os 12 anos) «impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural». Cómpre decatarse que a lei deixa abertas posibilidades de ampliación ao non sinalar que sexan materias as impartidas en galego, senón áreas de coñecemento que, en certo sentido, poden abarcar varias materias e, por tanto, maior número de horas. Claro que tamén é posíbel a identificación área de coñecemento = materia, co que se reducen as posibilidades. Con respecto á Educación Secundaria Obrigatoria (ata os 16 anos) lexislada no artigo 5º do Decreto, indícanse tamén as áreas que se impartirán en galego: área de ciencias sociais (xeografía e historia) e ciencias da natureza. Das materias optativas é obrigatorio impartir en galego «as de ciencias medioambientais e da saúde, e, se é o caso a optativa ofertada polo centro».

A situación de 1º de Bacharelato (artigo 6º) a lei establece que se empregará o galego coma lingua vehicular nas materias de filosofía e, entre as optativas, tecnoloxía industrial I, bioloxía e xeoloxía, historia do mundo contemrporáneo e debuxo técnico. En 2º de Bacharelato, farase o propio con historia, debuxo técnico, tecnoloxía industrial, ciencias da terra e medioambientais, xeografía, historia da arte, historia da filosofía. Ao mesmo tempo tamén se imparten en galego as materias optativas de ética e filosofía do dereito, introducción ás ciencias políticas e socioloxía e historia e xeografía de Galicia. E do mesmo xeito, na Formación Profesional de grao medio e superior darase en galego as áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

Independentemente de toda a lexislación que establece as materias a impartir en galego en todo o sistema educativo, este Decreto de 1995 realiza unha precisión que me parece fundamental, xa que indica que para as áreas ou materias distintas das sinaladas nos artigos anteriores, empregarase «a lingua que se teña establecida no proxecto educativo de centro», de modo que, legalmente, cada centro escolle o seu grao de normalización. Neste sentido, a lei establece uns mínimos, pero permite a ampliación do emprego do galego coma lingua vehicular a todo o curriculum escolar, agás con respecto ás materias de lingua e literatura españolas, para as que se especifica o emprego do español.

De tódalas maneiras, cómpre sinalar que o índice de centros que non cumpren os mínimos esixidos pola lei é moi elevado, xa que, se ben se cumpren os requisitos de emprego de libros de texto en galego, o certo é que a lingua vehicular empregada polos profesores (para quen o Estatuto establece o dereito de dar a clase en calquera das dúas linguas oficiais) é a miúdo o español. De feito, tampouco hai unha vontade de control neste punto por parte da Inspección Educativa, de modo que leis esperanzadoras se converten en puros textos de validez política, mais non práctica.

Outra importante institución normalizadora tamén tratada especificamente pola lexislación en materia lingüística son os medios de comunicación masivos. Gracias ao Estatuto de Autonomía, Galicia conta cunha emisora de Radio e de Televisión públicas das que xa falamos, ao tempo que, desde a iniciativa privada existe un semanario integramente en galego (*A Nosa Terra*) e un diario (*O Correo Galego*, traducción literal do previo castelán *El Correo Gallego*). A Xunta de Galicia incentiva economicamente (ou intercambia por publicidade) a presencia anecdótica do galego en xornais e espacios de TV e radio de emisoras privadas (esencialmente estatal) en lingua galega, mais non hai vontade normalizadora, senón controladora dos medios de comunicación, desde o poder, que emprega a materia lingüística coma *capital simbólico*.

Internet semella hoxe por hoxe o grande reto para establecer unha rede de medios de comunicación verdadeiramente galeguizados e galeguizadores. Na actualidade contamos con dous xornais electrónicos integramente galegos: Vieiros (www.vieiros.com) e o xornal virtual do Consello da Cultura (www.culturagalega.org), este último promovido desde unha entidade pública de carácter independente (non pertencente a ningún sector gubernamental da Xunta de Galicia) e consultivo ao servicio dos poderes públicos: o Consello da Cultura Galega (fundado en 1983, de acordo cunha disposición no artigo 32 do Estatuto de Autonomía). A institución ten unha vontade específica de cultivo e promoción da normalización lingüística e cultural a partir dunha organización en seccións que promocionan a investigación e a acción sobre diversos ámbitos da cultura galega, alén da súa proxección exterior. A Ponencia de Lingua é, quizais, unha das máis activas e, desde logo, decisiva no relativo á orientación gubernamental sobre planificación lingüística. Do mesmo xeito, a Mesa pola Normalización Lingüística (entidade non gubernamental fundada en 1986) tamén ten un grande protagonismo dinamizador no relativo ás reivindicacións de carácter lingüístico e á vixilancia e promoción do cumprimento das leis en materia de lingua galega, con grande protagonismo en campañas públicas a prol da lingua e no ensino.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

Bibliografía

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Eduardo; LEIS FERREIRA, Xosé António; SÁNCHEZ ALEGRE, Dores [eds.] (1995): *Actas I Simpósio Internacional de Línguas Europeas e Lexislacións / Acts First International Symposium of European Languages and Legislations. Santiago de Compostela. Galiza. 16, 17, 18 oct. 1992*. A Coruña: Bureau Européen pour les langues moins répandues e Asociación Sócio-Pedagóxica Galega.

BOSQUE ZAPATA, Enrique del (1993): *Lexislación para o profesorado. Toda a normativa do sistema educativo galego non universitario*. Vigo: Xerais.

BOURDIEU, Pierre (1982): *C'est que parler veut dire. L'economie des échanges linguistiques*. Paris: Fayard.

ESPIÑO AMIL, Mercedes (1995): «A situación legal do idioma galego na actualidade». In: ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Eduardo; LEIS FERREIRA Xosé António; SÁNCHEZ ALEGRE, Dores [eds.]: *Actas I Simpósio Internacional de Línguas Europeas e Lexislacións / Acts First International Symposium of European Languages and Legislations. Santiago de Compostela. Galiza. 16, 17, 18 oct. 1992*. A Coruña: Bureau Européen pour les langues moins répandues e Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, pp. 181-190.

FISHMANN, J. A. (1967): «Bilingualism with and without diglossia; diglossia with and without bilingualism». *Journal of Social Issues* 23: 29-38.

—— (1979): *Sociología del lenguaje*. Madrid: Cátedra.

GARCÍA NEGRO, María Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. Pontevedra: Edicións do Cumio.

GRAÑA MARTÍNEZ, Venancio [comp.] (2001): *Lexislación da lingua galega (Edición de 2001)*. A Coruña: Xunta de Galicia.

KLOSS, H. (1967): «*Abstand* Languages and *Ausbau* Languages». *Anthropological Linguistics* 9: 29-41.

LE PAGE, R; TABOURET-KELLER, A. (1985): *Acts of Identity*. Cambridge: Cambridge University Press.

MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

MONTEAGUDO, Henrique (1997): «Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debatge sobre a estandardización do galego». *Cadernos de Lingua* 16: 5-33.

—— (1999): *Historia Social da Lingua Galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Galaxia.

NINYOLES, R. L. (1972): *Idioma y poder social*. Barcelona: Tecnos.

RODRÍGUEZ, Francisco (1995): «Marco legal e política lingüística na Galiza». In: ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Eduardo; LEIS FERREIRA Xosé António; SÁNCHEZ ALEGRE, Dores [eds.]: *Actas I Simpósio Internacional de Línguas Europeas e Lexislacións / Acts First International Symposium of European Languages and Legislations. Santiago de Compostela. Galiza. 16, 17, 18 oct. 1992*. A Coruña: Bureau Européen pour les langues moins répandues e Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, pp. 207-221.

VERNET I LLOVET, Jaume (1995): «El marc normatiu de les llengues a l'estat espanyol». In: ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Eduardo; LEIS FERREIRA Xosé António; SÁNCHEZ ALEGRE, Dores [eds.]: *Actas I Simpósio Internacional de Línguas Europeas e Lexislacións / Acts First International Symposium of European Languages and*

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)

Legislations. Santiago de Compostela. Galiza. 16, 17, 18 oct. 1992. A Coruña: Bureau Européen pour les langues moins répandues e Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, pp. 133-145.

WEINREICH, U. (1954): «Is a structural dialectology possible?». *World* 10: 235-249.

BDD-A5210 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.25 (2026-09-15 04:22:34 UTC)